



**Resolución do 31 de outubro de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan, para o curso 2017/18, os contratos-programa con centros docentes e se establecen as bases para a convocatoria e selección de plans dirixidos á mellora do éxito escolar nos centros docentes públicos de educación infantil, primaria e secundaria dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.**

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa finalidade de desenvolver medidas encamiñadas cara a un sistema educativo de calidade, que garanta a equidade, a igualdade de oportunidades, a atención á diversidade e que posibilite que cada alumno e cada alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades.

O artigo 120 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que as administracións educativas potenciarán e promoverán a autonomía dos centros, de forma que os seus recursos económicos, materiais e humanos poidan adecuarse aos plans de traballo e organización que elaboren, unha vez que sexan convenientemente avaliados e valorados.

O desenvolvemento lexislativo propio de Galicia afonda neste principio, tanto desde o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade, coma no mesmo desenvolvemento curricular das distintas ensinanzas. Así, tanto o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece ou currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, como o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obligatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, poñen en valor o principio de autonomía dos centros, que lles permite desenvolver o seu proxecto educativo, no que se especifican os valores, obxectivos e prioridades de actuación. No proceso para acadar o máximo desenvolvemento da personalidade e das potencialidades do alumnado, a atención á diversidade, a detección temperá e a adopción de medidas de intervención educativa axeitadas a cada alumno ou alumna son elementos esenciais. Neste sentido, a avaliación,



tanto a continua como as finais, constitúe un instrumento básico na mellora dos procesos de ensino e aprendizaxe, que permite unha diagnose para o establecemento das medidas necesarias de atención educativa que se articulen mediante plans específicos de mellora.

Neste sentido, a iniciativa de contratos-programa trata de constituír un instrumento de apoio aos centros para que, dentro da súa autonomía, poidan desenvolver un plan de mellora no que se poida, en función das necesidades detectadas e do proxecto educativo, potenciar, de forma prioritaria, o desenvolvemento das competencias clave, especialmente a competencia matemática, mellorar a convivencia, afondar no logro da excelencia educativa, reducir as taxas de abandono escolar temperá así como proporcionar atención educativa para a compensación de desigualdades na educación. En definitiva, o fin último é lograr unha educación de calidade para todo o alumnado, desenvolver o máximo posible as súas potencialidades e, xa que logo, contribuír á mellora da calidade do sistema educativo de Galicia.

Para dar continuidade ás actuacións vinculadas ao logro do éxito educativo emprendidas en cursos anteriores e seguir reforzando a autonomía dos centros, é necesario establecer unha nova convocatoria de contratos-programa que, aproveitando a experiencia acumulada, facilite a posta en marcha de plans específicos de mellora nos centros para o éxito escolar do alumnado. E con esa finalidade incorpórarse a esta convocatoria unha nova actuación dirixida a mellorar o rendemento académico do alumnado de 3º e 4º de ESO e de formación profesional básica, preferentemente na competencia matemática e, así mesmo, na competencia lingüística e nas competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

De acordo co anteriormente exposto, esta dirección xeral, dispón:

#### **Apartado 1. Obxecto**

Esta resolución ten por obxecto regular os contratos-programa e establecer as condicións para desenvolver nos centros docentes plans para a mellora do éxito escolar do alumnado durante o curso escolar 2017/18.

#### **Apartado 2. Ámbito de aplicación**

Poderán participar nesta convocatoria os centros docentes públicos, dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, seguintes:



1. Escolas de educación infantil.
2. Colexios rurais agrupados.
3. Centros de educación infantil e primaria.
4. Centros de educación primaria.
5. Centros de educación especial.
6. Centros públicos integrados.
7. Institutos de educación secundaria.
8. Centros integrados de formación profesional.
9. Centros públicos de educación e promoción de adultos.

#### **Apartado 3. Plan de centro para a mellora do éxito escolar**

Os centros docentes poderán elaborar un plan para a mellora do éxito escolar do alumnado, sobre unha ou varias das actuacións que se establecen no apartado 5.

#### **Apartado 4. Obxectivos do plan**

O plan, en función das actuacións que o integren, deberá perseguir os seguintes obxectivos:

1. Identificar e dar resposta ás dificultades do alumnado en relación coa aprendizaxe.
2. Lograr un clima de aula e de centro que favoreza o proceso de ensino e aprendizaxe.
3. Favorecer a atención educativa dos colectivos más vulnerables para mellorar a súa formación e previr os riscos de exclusión social.
4. Mellorar o nivel de adquisición das competencias clave de todo o alumnado nas etapas de ensino obligatorio, poñendo especial atención no desenvolvemento da competencia matemática.
5. Reducir a taxa de abandono escolar.
6. Apoiar a evolución e a integración do alumnado con maior capacidade e motivación para aprender, afondando nos coñecementos dalgún campo de actividade.



7. Mellorar a calidade da educación e os niveis de éxito escolar.
8. Fomentar accións para promover a igualdade entre mulleres e homes e unha práctica educativa coeducadora, así como preventivas da violencia de xénero ou de actitudes e comportamento discriminatorios pola orientación sexual ou a identidade de xénero.
9. Implicar as familias do alumnado na súa educación e nos procesos de ensino e aprendizaxe.
10. Promover a mellora da calidade na xestión dos centros.
11. Lograr a colaboración da administración local, dos empregadores e doutras institucións naqueles ámbitos que favorecen a escolarización e a formación da poboación.

#### Apartado 5. Actuacións do plan

O plan que elaboren os centros poderá recoller unha ou varias das actuacións que se relacionan a continuación, considerando as necesidades e os intereses das persoas destinatarias.

##### *1. Reforzo, orientación e apoio (PROA). Modalidade de acompañamento fóra do horario lectivo.*

Descripción da actuación:

Con esta actuación preténdese mellorar as perspectivas escolares do alumnado con dificultades, a través do traballo ou apoio organizado para a adquisición das destrezas básicas que lle faciliten a incorporación plena ao ritmo de traballo ordinario e ás esixencias das diferentes áreas e materias.

Obxectivo:

Potenciar a aprendizaxe e o rendemento escolar deste alumnado mediante:

- o fornecemento de destrezas e coñecementos necesarios nas competencias básicas (CMCT e CCL)
- a adquisición de técnicas de traballo intelectual.
- a adquisición de hábitos de organización e constancia no traballo.
- o alento ao estudo a través de dinámicas de traballo eficaces.



- o incremento do hábito lector.
- a mellora da súa integración social, no grupo e no centro.

Alumnado destinatario:

Alumnado que presenta dificultades de aprendizaxe, así como aquel con desvantaxe educativa polo contorno sociocultural no que se desenvolve, escolarizado nas seguintes ensinanzas:

- a) 3º, 4º, 5º e 6º de educación primaria dos centros de educación infantil e primaria, dos centros de educación primaria e dos centros públicos integrados. Terase en conta, especialmente, aquel alumnado que obtivese un nivel insuficiente na avaliación individualizada ao rematar 3º de educación primaria.
- b) 1º, 2º, 3º e 4º de educación secundaria obligatoria dos centros públicos integrados e dos institutos de educación secundaria. Así mesmo, o alumnado de formación profesional básica.

Recursos:

Para o desenvolvimento desta actuación os centros poderán solicitar gastos de funcionamento, gratificacións para o profesorado do centro que exerza labores de docencia e/ou coordinación no programa, docencia externa e, de ser necesario, gastos de transporte do alumnado beneficiario.

*2. Mellora das competencias clave.*

Descripción da actuación:

Esta actuación incorporará todas aquellas medidas que incidan na mellora das competencias nas áreas instrumentais básicas, priorizando as dirixidas ao desenvolvimento da competencia matemática.

Con esta finalidade de priorizar as accións para a mellora da competencia matemática, o desenvolvimento desta actuación incluirá sempre o reforzo desta competencia, podendo incluír tamén actuacións para a mellora da competencia en comunicación lingüística e/ou competencias clave en ciencia e tecnoloxía.



As medidas comprendidas neste programa serán desenvolvidas por profesorado do centro dentro do horario lectivo.

Obxectivos:

- Mellorar a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, e a competencia en comunicación lingüística.
- Identificar as dificultades e os problemas do alumnado en relación coas técnicas instrumentais básicas.
- Elevar os niveis de éxito escolar.
- Implicar as familias do alumnado na súa educación e no proceso de ensino e aprendizaxe.

Alumnado destinatario:

Todo o alumnado de educación primaria, de educación secundaria obligatoria e de formación profesional básica. No caso de educación primaria, terase en conta, especialmente, aquel alumnado que obtivese un nivel insuficiente na avaliación individualizada ao rematar 3º de educación primaria.

As actividades propostas nesta actuación e que coincidan coas desenvolvidas por medio doutros plans promovidos pola consellería non poderán ser obxecto de financiamento adicional.

Recursos:

Para o desenvolvemento desta actuación os centros poderán solicitar gastos de funcionamento.

*3. Mellora da convivencia e promoción da igualdade nos centros.*

Descripción da actuación:

Esta actuación incluirá todas aquelas accións que repercutan e interveñan na mellora do clima escolar e das relacións entre os membros da comunidade educativa. Farase fincapé en aspectos relevantes tales como a atención á diversidade, as actuacións preventivas de conductas violentas ou discriminatorias, as actuacións de acollida, a mellora das habilidades



sociais, a conciliación ou mediación escolar, a xestión de conflitos, o rexistro de conductas contrarias á convivencia, a mellora da intelixencia emocional, o desenvolvemento de dinámicas de grupo e traballo colaborativo, o traballo en coeducación e o impulso de escolas de nais e pais, entre outros.

**Obxectivos:**

- Identificar as incidencias relacionadas coa convivencia no seo da comunidade educativa.
- Promover un axeitado clima de aula e de centro, considerando as relacións globais que se dan entre o profesorado, entre o alumnado e entre os dous colectivos.
- Favorecer a inclusión dos colectivos máis desfavorecidos, como o alumnado inmigrante, o alumnado retornado ou o alumnado en risco de exclusión social.
- Mellorar as competencias sociais e cívicas (CSC).
- Impulsar a participación colaborativa das familias e doutras institucións e entidades na mellora da convivencia escolar.
- Desenvolver, na escola, os valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero ou de actitudes e comportamento discriminatorios pola orientación sexual ou a identidade de xénero.
- Identificar, analizar e rexeitar situacíons de abuso, de inxustiza, de marxinación e de discriminación por razón de xénero na vida cotiá do alumnado e noutras realidades, desenvolvendo comportamentos favorecedores da igualdade entre mulleres e homes e participando, na medida das posibilidades, en iniciativas que buscan cambiar estas situacíons.
- Atender o alumnado con menor motivación e capacidade para aprender, de xeito que se lle ofrezan respuestas adaptadas ás súas posibilidades e aos seus intereses, para seguir avanzando na súa aprendizaxe e diminuíndo o risco de abandono ou desinterese.

**Destinatarios:**

- a) Escolas de educación infantil.
- b) Colexios rurais agrupados.



- c) Centros de educación infantil e primaria.
- d) Centros de educación primaria.
- e) Centros de educación especial.
- f) Centros públicos integrados.
- g) Institutos de educación secundaria.
- h) Centros integrados de formación profesional.
- i) Centros públicos de educación e promoción de adultos.

Recursos:

Para o desenvolvemento desta actuación os centros poderán solicitar gastos de funcionamento.

#### *4. Prevención do abandono temperán e do absentismo escolar.*

Descripción da actuación:

Con esta actuación trátase de reducir a taxa de abandono escolar e dos niveis de absentismo. Para isto desenvolveranse medidas específicas nas zonas con menor índice de graduación na ESO e maiores taxas de abandono escolar.

Obxectivos:

- Atender o alumnado con menor motivación e capacidade para aprender, de xeito que se lle ofrezan respuestas adaptadas ás súas posibilidades e aos seus intereses, para seguir avanzando na súa aprendizaxe diminuíndo o risco de abandono ou desinterese.
- Identificar as dificultades do alumnado relacionadas co seu estilo de aprendizaxe e desenvolver habilidades e técnicas de traballo intelectual.
- Mellorar a adquisición das competencias clave no alumnado en risco de abandono escolar.
- Aumentar as posibilidades de éxito escolar no ensino obligatorio.
- Fomentar a participación de todo o alumnado nas actividades do centro, potenciando a motivación e o interese por continuar os seus estudos.



- Impulsar a coordinación entre organizacións e institucións do contorno para diminuir o abandono escolar.

Alumnado destinatario:

Alumnado de ensino primario e secundario que presente risco de abandono temperán ou de absentismo escolar.

Recursos:

Para o desenvolvimento desta actuación os centros poderán solicitar gastos de funcionamento.

#### *5. Mellora do nivel de coñecementos para acadar a excelencia.*

Descripción da actuación:

Con esta actuación tratarase de darlle resposta ao alumnado con maior motivación para aprender. Supón unha medida de atención á diversidade na que se desenvolverán iniciativas de afondamento nos coñecementos do alumnado. Esta actuación poderá integrar alumnado dos centros educativos do seu contorno.

Estas iniciativas traduciranse na planificación de diferentes obradoiros nos que ao longo do curso se traballará de forma cooperativa nun proxecto co fin de obter un produto final. Pódense canalizar a través desta vía as semanas culturais ou científicas, a participación en programas educativos externos ao centro e, en xeral, o traballo por proxectos.

Obxectivos:

- Atender o alumnado con maior motivación para aprender, de xeito que se lle ofrezan respostas adaptadas ás súas posibilidades e aos seus intereses co fin de seguir avanzando na súa aprendizaxe e na adquisición de competencias.
- Mellorar os niveis de rendemento e os resultados deste alumnado para desenvolver ao máximo o seu potencial de aprendizaxe e elevar os niveis de excelencia do sistema educativo.
- Potenciar a adquisición de competencias a través do traballo por proxectos.
- Impulsar o interese do alumnado polo traballo cooperativo.



**Alumnado destinatario:**

Alumnado que presenta unha destacada motivación para aprender escolarizado nos seguintes centros:

- a) Escolas de educación infantil.
- b) Colexios rurais agrupados.
- c) Centros de educación infantil e primaria.
- d) Centros de educación primaria.
- e) Centros de educación especial.
- f) Centros públicos integrados.
- g) Institutos de educación secundaria.
- h) Centros integrados de formación profesional.
- i) Centros públicos de educación e promoción de adultos.

**Recursos:**

Para o desenvolvemento desta actuación os centros poderán solicitar gastos de funcionamento.

***6. Mellora da calidade na xestión dos centros.***

**Descripción da actuación:**

Trátase dun conxunto de medidas ou actividades destinadas a mellorar a xestión dos centros educativos, a partir da reflexión e a toma de decisións baseadas na avaliación dos procedementos que se desenvolven neles.

**Obxectivos:**

- Promover a mellora da calidade da educación a través da mellora da calidade na xestión administrativa.
- Impulsar a implantación efectiva dun sistema de xestión de calidade de cara á súa certificación.



- Poñer en práctica un modelo de xestión que permita protocolarizar procedementos comúns dos centros.
- Facilitar a introdución de boas prácticas de xestión educativa.

Destinatarios:

- a) Escolas de educación infantil.
- b) Colexios rurais agrupados.
- c) Centros de educación infantil e primaria.
- d) Centros de educación primaria.
- e) Centros de educación especial.
- f) Centros públicos integrados.
- g) Institutos de educación secundaria.
- h) Centros públicos de educación e promoción de adultos.

Recursos:

Para o desenvolvemento desta actuación os centros poderán solicitar gastos de funcionamento.

*7. Reforzo de competencias clave en 3º e 4º de ESO e formación profesional básica.  
Modalidade de acompañamento fóra do horario lectivo.*

Descripción da actuación:

O desenvolvemento desta actuación suporá a creación de grupos de reforzo da competencia matemática, da competencia en comunicación lingüística e/ou das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Cada grupo terá entre 5 e 10 alumnos/as que recibirán clases de reforzo fóra do horario lectivo, catro horas á semana, en sesións de dúas horas, preferentemente en días alternos, impartidas por profesorado de ensino secundario. Priorizarse a competencia matemática.

Obxectivo:



- Mellorar o rendemento académico na competencia matemática, na competencia en comunicación lingüística e nas competencias básicas en ciencia e tecnoloxía do alumnado beneficiario.

Alumnado destinatario:

Alumnado de 3º e 4º de educación secundaria obrigatoria de centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que presenta baixos resultados académicos. Así mesmo, o alumnado de formación profesional básica.

Recursos:

Para o desenvolvemento desta actuación os centros poderán solicitar gastos de funcionamento, gratificacións para o profesorado do centro que exerza labores de docencia e/ou coordinación no programa, profesorado externo de ensino secundario e, de ser necesario, gastos de transporte do alumnado beneficiario.

#### **Apartado 6. Elaboración do plan e requisitos**

1. O plan que elabore o centro para a mellora do éxito escolar do alumnado concretará as actuacións que se pretenden desenvolver, de entre as que se establecen no apartado 5 desta resolución e identificará para cada unha delas, polo menos, os seguintes aspectos:

a) Razóns que xustifican a actuación, cos datos que procedan.

b) Logros que se perseguen e indicadores de medida temporizados. Para a súa concreción teranse en conta indicadores como:

- A taxa de éxito escolar nos distintos niveis ou etapas. Resultados das distintas avaliaciós do sistema educativo.
- A taxa de idoneidade do alumnado para cada un dos niveis de ensino obligatorio.
- A análise das necesidades educativas e socioeconómicas do contorno.
- Os datos de inserción laboral, se procede.
- Os resultados dos sistemas de xestión da calidade, se é o caso.

c) Accións que se pretenden desenvolver e a súa temporización. Estas accións deberán ser concretas, innovadoras e orientadas aos logros que se perseguen. As accións poderán comportar singularidades en canto a:



- Horario de apertura e peche do centro.
- Organización do currículo.
- Organización e características dos recursos humanos.
- Necesidades de formación do profesorado.
- Asignación e/ou distribución de recursos materiais.
- Modelo de xestión organizativa e pedagóxica que requiran as accións.

d) Estratexias de coordinación entre centros na transición do alumnado de educación primaria a educación secundaria obligatoria, se é o caso.

e) Implicación das familias do alumnado, doutras institucións e de empresas, se é o caso.

f) Colaboración da administración local e doutras administracións, se é o caso.

g) Necesidade de novos recursos que implica a actuación, temporizados.

h) Proceso de seguimento e avaliación interna que se vai realizar de cada unha das actuacións.

2. O plan será elaborado polo equipo directivo do centro que, previamente, deberá realizar unha análise sobre os procesos que se veñen desenvolvendo no centro para identificar as súas fortalezas e debilidades.

3. Valorarase positivamente que a participación na convocatoria conte coa aprobación do claustro e do consello escolar do centro, se é o caso.

#### Apartado 7. Compromisos do centro docente

O centro docente co que se acorde o desenvolvemento dun plan de mellora, conforme o previsto nesta resolución, ademais dos compromisos que se deriven das actuacións recollidas nel, deberá asumir, polo menos, os seguintes compromisos:

1. Realizar un seguimento periódico das actuacións previstas no plan, cando menos con carácter trimestral, e reflectir documentalmente as circunstancias e os resultados acadados.
2. O profesorado implicado terá que participar nas actividades de formación que se planifiquen tanto desde o centro como desde a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
3. O equipo directivo terá que participar nas actividades de formación organizadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



4. O centro garantirá a participación activa do director ou directora e outro membro do equipo directivo nas reunións do traballo en rede que desde a Administración educativa se establezan.
5. A comunidade educativa coordinarase e cooperará en rede para mellorar a calidade do servizo educativo e acadar os obxectivos fixados.
6. A comunidade educativa participará activamente no deseño, aplicación e avaliación das actuacións previstas no plan.

#### **Apartado 8. Actuacións da Administración educativa**

A Administración educativa, na procura da mellora do sistema educativo, desenvolverá, nos centros cos que acorde o desenvolvemento dos plans previstos nesta resolución, actuacións como as que seguen:

1. Apoyo aos centros e ao profesorado.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria darálle apoio específico aos centros docentes que desenvolván plans dos previstos nesta resolución, polo menos, nos seguintes aspectos:

- a) Asesoramento, a través dos servizos de inspección educativa.
- b) Asesoramento e asistencia de servizos específicos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, tales como persoal, orientación, formación do profesorado e xestión económica, entre outros.
- c) Formación específica ao equipo directivo e ao profesorado implicado no plan.
- d) Potenciación do traballo en rede dos centros docentes para o intercambio de coñecementos e experiencias.

2. Difusión das boas prácticas que se desenvolván nos centros docentes.

As boas prácticas, identificadas no desenvolvemento dos plans nos diferentes centros, poderán ser divulgadas, en colaboración cos propios centros docentes, co fin de constituir modelos de referencia de organización e xestión destes.



### 3. Recursos.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dentro das súas dispoñibilidades orzamentarias, dotará os centros de recursos específicos para o desenvolvemento do plan acordado, se é o caso.

### **Apartado 9. Proceso e prazo de solicitude**

1. Todo o procedemento de solicitude realizarase a través da aplicación informática <https://www.edu.xunta.es/programaseducativos/>. A persoa responsable da dirección do centro será quen terá todos os permisos de creación da solicitude. Unha vez creada, cuberta e presentada a solicitude, a aplicación xerará tres anexos (Anexos I, II e III) que deberán ser asinados e custodiados no centro, entendéndose con este trámite por rematado o procedemento.

O documento que recolla o plan para a mellora do éxito escolar terá que ser cuberto igualmente na aplicación de contratos-programa, non tendo que remitilo por ningunha vía.

2. Presentada a solicitude, examinarase para comprobar se reúne os requisitos esixidos. En caso contrario, requirirase o solicitante para que, emende e/ou complete os datos que falten co fin de axustar a solicitude aos requisitos da convocatoria.

6. O prazo de presentación de solicitudes e do plan de mellora comeza o día seguinte ao da publicación da Resolución no portal educativo e rematará o 22 de novembro de 2017, inclusive.

### **Apartado 10. Criterios de selección dos plans**

1. Darase prioridade aos plans específicos de mellora elaborados a partir da análise dos resultados obtidos polo alumnado na avaliación individualizada de 3º de educación primaria, recollida no artigo 20.3 e 21.1 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de educación.

2. Os plans que se autoricen serán seleccionados conforme os seguintes criterios:

- a) A concreción e viabilidade dos obxectivos que se pretenden acadar, das accións previstas e do proceso de avaliación.



- b) O grao de implicación do profesorado dos centros participantes nas diversas actuacións do contrato-programa.
- c) A coordinación e implicación dos centros adscritos, ou aos que están adscritos, para a transición do alumnado desde a educación primaria á educación secundaria obligatoria.
- d) Centros en cuxo contorno sociocultural predominen familias de baixo nivel cultural ou economicamente desfavorecidas, minorías étnicas, inmigrantes de lingua materna distinta á do centro, entre outros.
- e) Centros con taxas baixas de éxito escolar.
- f) Centros con baixos resultados académicos, asociados a problemas de convivencia no centro, sempre que se prevexa esa actuación no plan.
- g) A implicación das familias, do concello e doutras institucións para o desenvolvemento do plan.
- h) O nivel de apoio do claustro e do consello escolar na aprobación do plan.
- i) A participación do centro en programas ou proxectos de innovación nos últimos tres cursos.
- l) Participación no apoio á realización das prácticas académicas externas curriculares correspondentes aos títulos de Grao e/ou do prácticum correspondente ao máster en profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas.
- m) A participación do centro na iniciativa de contratos-programa, con avaliación positiva por parte da comisión de seguimento.
- n) Informe favorable da inspección educativa.

#### Apartado 11. Comisión de selección

1. Baixo a presidencia da persoa titular da Subdirección Xeral de Ordenación, Innovación Educativa e Formación do Profesorado constituirase unha comisión de selección que se encargará de valorar as solicitudes.



2. A comisión estará integrada polas persoas titulares da Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, da Subdirección Xeral de Recursos Humanos e da Subdirección Xeral de Centros, os/as inspectores/as xefes do Servizo Territorial de Inspección Educativa, a persoa titular da xefatura do Servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Educativa, e unha persoa asesora da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa que realizará as funcións de secretaría. As persoas subdirectoradas poderán ser substituídas por xefes/as de servizo, se é o caso.
3. A comisión poderá dispoñer a constitución dunha comisión técnica, integrada por persoas asesoras da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, para efectos de elaboración de informes sobre os plans de actuación presentados.
4. A percepción de asistencias destas comisións atenderá á categoría correspondente segundo o disposto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

#### **Apartado 12. Procedemento de selección dos plans de mellora**

1. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, á vista dos plans presentados polos centros, seleccionará aqueles que, respondendo aos requisitos establecidos nesta convocatoria, sexan viables na súa execución e no marco dos recursos disponibles.
2. A comisión de selección concretará cos centros docentes todos aqueles aspectos dos plans seleccionados que se plasmarán no contrato-programa.

#### **Apartado 13. Resolución**

1. Unha vez rematado o proceso de selección dos plans e realizada a concreción dos contratos-programa, a comisión fará pública a resolución provisoria, que se difundirá no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal>).

2. A publicación da resolución provisional abrirá un prazo de cinco días hábiles para efectuar reclamacións ou renuncias que deberán presentarse no enderezo electrónico [programaseducativos@edu.xunta.es](mailto:programaseducativos@edu.xunta.es).

Transcorrido este prazo, unha vez estudiadas e, se é o caso, atendidas as mencionadas reclamacións e/ou renuncias, a comisión seleccionadora elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa que resolverá a relación final dos plans seleccionados.

3. A resolución definitiva dos centros seleccionados publicarase no portal educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal>).

4. Contra esta resolución poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

5. O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

#### **Apartado 14. Formalización do contrato-programa**

1. O contrato-programa explicitará, cando menos, o seguinte:

- a) Os logros que se perseguen, mediante os indicadores acordados, para cada actuación.
- b) As actuacións que se inclúen no plan.
- c) Os compromisos do centro docente.
- d) As actuacións e achegas da Administración educativa.
- e) A comisión de seguimento.



Os centros que sexan autorizados para o desenvolvemento dun plan de mellora asinarán coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria un contrato-programa, que recolla as actuacións do plan e os acordos entre o centro e a consellería.

#### **Apartado 15. Recursos para o desenvolvemento do plan de mellora**

Para o desenvolvemento das actuacións establecidas no contrato-programa a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dotará os centros dos recursos financeiros e de persoal considerados necesarios.

#### **Apartado 16. Seguimento e avaliación do contrato-programa**

1. O equipo directivo do centro supervisará o desenvolvemento do plan de mellora conforme o proceso de seguimento e avaliación interna previsto nel e dará conta aos órganos de participación e goberno, aos pais, naís ou titores/as legais, así como ás institucións que participan nel.
2. A inspección educativa realizará, ao longo de cada curso académico, o seguimento e a avaliación das diferentes actuacións previstas no plan, e informará periodicamente a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
3. A avaliación do plan realizada polo centro docente reflectirase nunha memoria final que, ademais de servir para dar conta ante a comunidade educativa, porase á disposición da comisión de seguimento do acordo e incorporarase, así mesmo, á memoria anual do centro. Esta memoria cubrirase directamente na aplicación de contratos-programa no prazo establecido ao efecto, non sendo necesario enviala por ningún outro medio.
4. Para o seguimento do plan de mellora establecerase unha comisión de seguimento do acordo entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o centro docente. Esta comisión estará integrada por representantes da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, da dirección do centro docente e o inspector ou inspectora do centro. A composición da comisión concretarase no acordo entre a Administración educativa e o centro.
5. A comisión estará presidida por un representante da Administración educativa e reunirase, no seu caso, a instancias dela. Esta comisión ten as funcións seguintes:



- a) Facer o seguimento e a avaliación da execución do acordo a partir da información que facilita o centro docente e a inspección educativa.
  - b) Analizar o grao de consecución dos obxectivos e compromisos acordados a través dos indicadores establecidos.
  - c) Formular propostas de modificación dos recursos en relación co desenvolvemento do plan.
  - d) Propor as modificacións que se consideren necesarias nos obxectivos, nas actuacións e nas medidas acordadas para a continuidade do plan ou a súa supresión, se é o caso.
6. O centro docente ten que certificar o valor conseguido nos indicadores que establece o acordo e achegar a documentación que lle sexa requirida pola comisión de seguimento.

#### **Apartado 17. Certificación de participación**

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria certificará, cumpridos os requisitos establecidos na convocatoria, a participación do profesorado directamente implicado no plan de mellora como actividade de innovación educativa. Así mesmo, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria difundirá, se procede, as boas prácticas derivadas da aplicación dos plans de mellora en función dos resultados do seu seguimento e avaliación.

#### **Apartado 18. Datos de carácter persoal**


De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado *Avaliación do sistema educativo* co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo:



Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,  
edificio administrativo de San Caetano, s/n, 15781, Santiago de Compostela, ou a través  
dun correo electrónico a [sxt.cultura.educacion@xunta.gal](mailto:sxt.cultura.educacion@xunta.gal)

Santiago de Compostela, 31 de outubro de 2017

Manuel Corredoira López



Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa